

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "O MUNICIPALISMO, KM O DA COOPERACIÓN"

(1) A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos prioritarios sectoriais e de especialización a educación para o desenvolvemento e o fortalecemento institucional dos axentes.

(2) Antecedentes:

Desde o ano 2000, a Xunta ven colaborando co Fondo Galego no ámbito da sensibilización e educación para o desenvolvemento, a través das sinaturas dos correspondentes convenios.

O importe das subvencións concedidas pola Xunta ao Fondo Galego nos ámbitos de sensibilización e fortalecemento no período 2004-2024 son os seguintes:

ANO	IMPORTE SUBVENCIÓN XUNTA
2004	24.000,00 €
2005	30.000,00 €
2006	60.000,00 €
2007	62.000,00 €
2008-2009 (Convenio plurianual)	125.620,00 €
2010	60.000,00 €
2011	60.000,00 €
2012	60.000,00 €
2014	40.000,00 €
2015	40.000,00 €
2016	40.000,00 €
2017	40.000,00 €
2018	40.000,00 €





2019	60.000,00 €
2020	60.000,00 €
2021	60.000,00 €
2022	60.000,00 €
2023	60.000,00 €
2024	60.000,00 €

(3) Finalidade

Co fin de dar continuidade ás actuacións de sensibilización previstas e ao fortalecemento da solidariedade municipalista galega a través das actuacións realizadas polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que é o órgano que agrupa a cento dezasete concellos e ás Deputacións da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra (121 administracións locais socias) e que perseguen impulsar un maior compromiso de cooperación ao desenvolvemento das Entidades Locais, nun marco máis estable e permanente, tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido para o ano 2025.

(4) Obxecto

O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Fondo Galego no proxecto denominado "O municipalismo, Km. 0 da Cooperación". O proxecto ten como obxectivo promover a implicación e visibilización da administración local galega en materia de cooperación ao desenvolvemento como ferramenta para dar cumprimento á Axenda 2030.

(5) A singularidade deste proxecto vén determinada polas accións de fortalecemento da propia organización e as accións de sensibilización e concienciación que proxecta levar a cabo no ano 2025, dando continuidade ás liñas de traballo iniciadas nos anos anteriores, e o establecemento de accións que involucren ás administracións locais galegas na consecución da Axenda 2030 e dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentables (ODS).

A especificidade das actividades obxecto do proxecto, que son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral, a natureza da



entidade solicitante, creada co apoio da Federación Galega de Municipios e Provincias e da Administración autonómica, e que actúa de canle coordinadora da actuación por parte do municipalismo galego neste ámbito da cooperación, así como a utilidade que a posta en marcha deste proxecto significa para a cooperación en todo o ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia, xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración.

(6) A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, do custo total do proxecto que se estima en setenta e oito mil catrocentos vinte e un euros con cincuenta céntimos (78.421,50 €), aboará ao Fondo Galego a contía máxima de sesenta mil euros (60.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.07.331A.481.2 do orzamento vixente para o ano 2025. O fondo aportará 18.421,50 € para a execución do proxecto.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Jesús Gamallo Aller

